

Bases do programa

Business Factory Food

IX Edición

Versión: 31 de xullo de 2026

Contido

1	Introdución.....	3
2	Aspectos diferenciais de BFFood	4
3	Fases de BFFood.....	5
3.1	Fase de incubación	5
3.2	Fase de aceleración	5
3.3	Fase de consolidación.....	6
4	Retos do programa.....	7
5	Recursos e servizos para os proxectos.....	9
5.1	Financiamento.....	9
5.2	Formación.....	9
5.3	Mentoría e colaboración con empresas tractoras.....	10
5.4	Asesoramento estratéxico.....	10
5.5	Networking	11
5.6	Oficina virtual e espazos.....	11
6	Proceso de convocatoria e selección.....	12
6.1	Paso 1 – convocatoria de proxectos.....	12
6.2	Paso 2 – avaliación e selección de proxectos para a fase de incubación	12
7	Calendario da IX Edición.....	14
8	Condições de financiamento.....	15
8.1	Financiamento de Igape.....	15
8.2	Financiamento operativo variable: acceso a medios e servizos técnicos.....	16
8.3	Financiamento externo.....	17
9	Termos e condicións.....	18
9.1	Requisitos mínimos	18
9.2	Criterios de elixibilidade dos proxectos.....	19
9.3	Criterios de avaliación	20
9.4	Compromisos xerais	21
9.5	Exixencias a cumprir no transcurso do programa.....	21
9.6	Incompatibilidades.....	22
10	Aspectos legais	23
10.1	Aceptación das bases	23
10.2	Responsabilidade.....	23

10.3 Propiedade intelectual.....	24
10.4 Revelación de información	24
10.5 Comunicaci3ns.....	24
10.6 Protecci3n de datos persoais	25
10.7 Reclamaci3ns	25
10.8 Miscelánea.....	26
ANEXO I – Modelo de convenio de concesi3n directa e regulaci3n das condici3ns de execuci3n das subvenci3ns para proxectos en fase de aceleraci3n	27
ANEXO II – Documentaci3n que se deberá presentar en XesGalicia para o financiamento de cada un dos proxectos nas fases de aceleraci3n e consolidaci3n	34

1 Introducción

A Business Factory Food (BFFood) é unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e da Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado (XesGalicia); coordinada polo Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), e que conta coa participación de grandes empresas tractoras do sector, así como doutras entidades colaboradoras.

O obxectivo da BFFood é a incubación, aceleración e consolidación de proxectos especializados no sector alimentario e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables que atraian e reteñan talento, contribuíndo así a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Coa visión de converterse nun referente na promoción da innovación aberta e disruptiva do sector alimentario, desenvólvese en tres eixes estratéxicos centrados na promoción da cultura emprendedora, no desenvolvemento dun ecosistema de innovación aberta e no fomento do tecido empresarial. Para iso conta co liderado da industria e co apoio dos axentes necesarios para consolidar un ecosistema de innovación no sector alimentario en Galicia.

As bases que aquí se presentan teñen por obxecto explicar as características do programa, os termos e condicións de participación dos proxectos que se presenten á convocatoria e, finalmente, os aspectos legais da relación entre os participantes e BFFood.

2 Aspectos diferenciais de BFFood

Carácter vertical

A BFFood é unha aceleradora de carácter vertical centrada no sector alimentario. Isto achega vantaxes salientables aos proxectos participantes, que poden contar con mentores especializados no sector e cunha rede de contactos especializada; ademais, comparten o proceso de incubación, aceleración e consolidación con proxectos do seu mesmo sector de actividade, coa conseguinte xeración de sinerxías.

Apoio ao ciclo completo

A través dos instrumentos adecuados de formación, aceleración e investimento configurados nas fases de incubación, aceleración e consolidación, BFFood facilita un desenvolvemento sostible dos proxectos de emprendemento.

Liderada pola industria

BFFood é unha iniciativa implementada polo Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), apoiada pola Xunta de Galicia e por empresas do sector alimentario de Galicia, tales como: Bodegas Martín Códax, Cafés Candelas, Casa Grande de Xanceda, Ceamsa, CLUN - Cooperativas Lácteas Unidas, Congalsa, Gadisa, Grupo Pereira, Hijos de Rivera, Kiwi Atlántico, Nueva Pescanova, El Nogal, Valora Marine Ingredients, Vegalsa e Viña Costeira.

Contacto directo coa industria alimentaria galega

BFFood é a porta de entrada á industria alimentaria. A participación no programa poderá axudar a túa empresa/proxecto a desenvolverse e darlle unha maior visibilidade para chegar ás empresas do sector.

Ecosistema de innovación aberta

BFFood é unha iniciativa apoiada por todos os axentes do sistema de innovación aberta: centros tecnolóxicos, clústeres, empresas, universidades etc., facilitando ademais o acceso a infraestruturas e medios técnicos de apoio á I+D+i.

Vocación internacional

Capacidade de atracción de talento a nivel global e apoio á internacionalización dos proxectos participantes na fase de consolidación.

3 Fases de BFFood

3.1 Fase de incubación

O obxectivo na fase de incubación é que os proxectos consigan **validar a necesidade identificada e definir o seu modelo de negocio**. Para iso participarán nas seguintes actividades ao longo dun período de **3 meses**:

- Formación técnica xeral e acreditada de valor para todos os proxectos.
- Servizo de asesoramento individualizado para cada proxecto (creación dunha empresa, desenvolvemento de negocio, colaboracións, competidores etc.).

Para poder optar á fase de incubación, os proxectos deben presentarse a través da convocatoria que se abra para tal fin na páxina web da BFFood (www.bffood.gal).

3.2 Fase de aceleración

A fase de aceleración, de **9 meses** de duración, terá por obxectivo axilizar o proceso de desenvolvemento dos proxectos ata a **consecución dun produto ou servizo comercializable**, de acordo cos seguintes pasos:

- Validación do modelo de negocio.
- Desenvolvemento dun produto mínimo viable (PMV).
- Execución dun proceso iterativo (pivotaxe) con clientes representativos.
- Consecución dos primeiros pedidos.
- A fase de aceleración contará coas seguintes actividades de apoio:
- Formación específica adaptada ás necesidades dos proxectos.
- Obradoiros impartidos por expertos de prestixio.
- Asesoramento estratéxico en temas de negocio, xestión, propiedade intelectual, financiamento e outros.
- Mentoría por parte de persoal directivo ou cargos intermedios pertencentes ao sector alimentario.
- Networking, con actividades conxuntas nas que os proxectos poidan compartir experiencias, colaborar e relacionarse con outros axentes, como participar en sesións expositivas, visitas a empresas e outros.

Como resultado do proceso de aceleración, os proxectos elaborarán un plan de negocio e un *pitch deck* que servirán de base para a solicitude de financiamento a investidores públicos e privados.

Optarán á fase de aceleración os proxectos que completen satisfactoriamente a fase de incubación e que cumpran as condicións de elixibilidade establecidas. Os proxectos participantes seleccionaranse tras a realización dun *PitchDay*. Polo tanto, os proxectos participantes na fase de aceleración terán pasado necesariamente pola fase de incubación.

3.3 Fase de consolidación

A fase de consolidación, de **9 meses** de duración, terá por obxectivo axilizar a conversión dos proxectos en **modelos de negocio estables**:

- Incremento das vendas e dos ingresos recorrentes.
- Avances cara á internacionalización.

A fase de consolidación contará coas seguintes actividades de apoio:

- Formación específica enfocada na comercialización e na internacionalización.
- Coaching en temas de negocio, financiamento, comercialización e internacionalización.
- Networking: actividades conxuntas mediante as que os proxectos poidan compartir experiencias, colaborar e relacionarse con outros axentes, como a participación en sesións de exposición, visitas a empresas e outras actividades.

Para poder optar á fase de consolidación, os proxectos deben presentarse a través da convocatoria que se abra para tal fin na páxina web da BFFood (www.bffood.gal), con independencia de que participasen previamente ou non nas fases de incubación/aceleración.

4 Retos do programa

Os retos da BFFood foron formulados polo sector conforme as necesidades de innovación sectorial e aprobados polo Consello Executivo. Aplícanse para dotar a convocatoria dun enfoque temático e seleccionar os proxectos candidatos.

RETO 1 – Dixitalización e automatización

- Big Data e intelixencia artificial: integración dos sistemas de información e das infraestruturas necesarias desde a captación do dato, o tratamento e a robustez dos datos, ata o seu procesamento e análise con ferramentas de intelixencia artificial para a toma de decisións.
- Xemelgo dixital: sistemas avanzados de simulación de procesos que permitan un control rigoroso dos sistemas para evitar problemas, prever tempos de inactividade, probar novas oportunidades de negocio, planificar escenarios futuros mediante simulacións e personalizar a produción a partir dos requirimentos dos clientes.
- IoT e sensórica: dispositivos conectados que permitan, «en tempo real», o seguimento do inventario, o mantemento predictivo das máquinas e/ou o control remoto das condicións para asegurar a seguridade e a calidade do produto final, con especial aplicación na canle HORECA.

RETO 2 – Trazabilidade, calidade e seguridade alimentaria

- Sistemas de xestión da calidade (SXC) dixitalizados (paperless): que faciliten que a información poida ser xerada, procesada, arquivada e consultada, tanto polas propias empresas como polos distintos axentes que interveñen en toda a cadea de valor da alimentación, dunha maneira substancialmente máis eficiente, segura e fiable.
- Sistemas automáticos de medición en continuo: sistemas para a monitorización e o control da calidade dos alimentos mediante o uso de sensores, que ofrezan resultados de parámetros obxectivos e que poidan adaptarse a unha liña de procesos.

RETO 3 – Loxística

- Etiquetaxe intelixente: sistema de etiquetaxe integral e personalizable dos produtos que permita unha trazabilidade integral ao longo de toda a cadea de valor. En particular, preténdese optimizar a loxística e a xestión do inventario nas localizacións controladas.
- Loxística 4.0: solucións que supoñan unha optimización da cadea de subministración. Son de especial interese os sistemas innovadores que, mediante interconexión, novas interfaces e/ou novas programacións, garantan unha xestión dos envíos máis eficiente en previsión da demanda, unha redución de existencias e almacenaxes, unha optimización de rutas, a xeolocalización de clientes, o coñecemento da localización e a trazabilidade da mercadoría.

RETO 4 – Sostibilidade

- Envases innovadores e sostibles e novos materiais: solucións que minimicen o impacto ambiental debido ao uso de plásticos nos envases alimentarios. Son de especial interese os proxectos de novos materiais substitutivos do plástico, totalmente biodegradables, que garantan as características organolépticas dos produtos envasados.
- Valorización de residuos e coprodutos: desenvolver novos produtos ou novas aplicacións mediante os que sexa posible canalizar os desequilibrios de oferta e demanda, alén de subprodutos alimentarios, transformándoos en propostas innovadoras e saudables para a industria e/ou o consumidor final.
- Novos procesos de transformación ecoeficientes e adaptados á demanda: solucións que faciliten a implantación ou mellora dos procesos de transformación para facelos máis ecoeficientes. Trátase de avanzar nun uso sostible, eficiente e optimizado dos recursos enerxéticos e das materias primas, e de reducir ao máximo os residuos e as emisións xerados no proceso de produción dun determinado produto.

RETO 5 – Desenvolvemento de novos produtos

- Produtos saudables e nutrición personalizada: novos produtos alimentarios, produtos mellorados e/ou aplicacións biotecnolóxicas alimentarias dirixidas a unha alimentación funcional e nutracéutica para a saúde e o envellecemento activo.
- Novos ingredientes e propiedades: novas solucións biotecnolóxicas e substancias sostibles e orgánicas que permitan unha mellora organoléptica, nutricional ou funcional dun produto alimentario.

RETO 6 – Innovación de procesos e comercialización

- Comercialización e interacción con clientes e consumidores: solucións TIC innovadoras que acompañen as propostas de valor do sector alimentario e acheguen novas características de interese tanto para os clientes como para calquera axente da cadea de valor alimentaria, facilitando a comunicación en ambas as direccións.

RETO 7 – Reto libre

Calquera proxecto que poida ser aplicable ao sector alimentario e que supoña a introdución dalgún tipo de innovación ou mellora.

Considérase de interese calquera iniciativa/proxecto que supoña unha innovación, en sentido amplo (produto, proceso, comercialización etc.), para o sector alimentario de Galicia, desde a orixe e o tratamento da materia prima, pasando polos produtos de quinta gama, ata pechar o círculo alimentario, buscando a circularidade do fluxo de produtos e servizos empregados nas distintas fases da cadea de valor principal, así como nos elos laterais.

5 Recursos e servizos para os proxectos

Os proxectos participantes poderán beneficiarse dos seguintes recursos.

5.1 Financiamento

Os proxectos participantes nas fases de aceleración e consolidación terán acceso a financiamento da maneira que se indica na seguinte táboa:

FASE	TIPO	ENTIDADE	CONTÍA
Aceleración	Subvención a fondo perdido	Igape	25.000 €
	Participación no capital / Préstamo participativo (con opción de capitalización) ¹	XesGalicia	Ata 50.000 €
Consolidación	Participación no capital / Préstamo participativo (con opción de capitalización)	XesGalicia	Ata 250.000 €

Así mesmo, os proxectos participantes na fase de aceleración poderán solicitar un cheque para a contratación de servizos técnicos e tecnolóxicos que sirvan para o desenvolvemento e a mellora dos seus produtos.

Adicionalmente, o equipo de BFFood ocúpase de detectar posibles fontes adicionais de financiamento, tanto mediante a identificación de posibles axudas como a través do acceso e da presentación ante investidores.

Na sección 8, CONDICIÓNES DE FINANCIAMENTO, proporciónanse máis detalles sobre estes mecanismos de apoio económico.

5.2 Formación

BFFood ofrece un programa formativo a cargo das tres universidades galegas. Este programa conta cun cadro docente formado por profesionais de elevado prestixio e experiencia temática. O programa formativo, que se impartirá en liña, abordará temáticas como a innovación, o plan de negocio, a planificación financeira ou as estratexias de entrada no mercado. Este programa formativo

¹Esta opción queda suxeita a que se conclúa favorablemente o proceso de análise do investimento e se cumpran as condicións e os requisitos establecidos por XesGalicia. Ademais, o importe estará condicionado a que outros socios ou financiadores acheguen, polo menos, o mesmo financiamento ao proxecto; no caso de que a amortización do financiamento con outros financiadores sexa inferior a 5 anos, a amortización do préstamo participativo de XesGalicia realizarase de forma proporcional ao financiamento que serviu de base para a concesión do préstamo participativo.

é de obrigado cumprimento para os proxectos que accedan á fase de incubación.

Adicionalmente, ofrécese accións formativas breves e concretas en temáticas relevantes para o emprendemento (financiamento, propiedade intelectual, comercialización etc.), adecuadas aos tres itinerarios da BFFood.

5.3 Mentoría e colaboración con empresas tractoras

Durante o seu paso pola BFFood, os proxectos participantes terán a oportunidade de darse a coñecer entre as empresas tractoras. Ademais, os proxectos en fase de aceleración contarán cun mentor específico pertencente a unha empresa ou entidade do sector alimentario, con traxectoria e experiencia relacionadas co ámbito concreto do proxecto, que lles proporcionará orientación e mentoría individualizada. Tamén poderá facilitarlles o acceso a recursos técnicos e visitas aos seus centros de traballo para validar os desenvolvementos realizados, se o grao de madurez do proxecto así o require. Así mesmo, é posible que a empresa tractora traslade ao proxecto o seu interese en desenvolver unha proba de concepto co obxectivo de testar o produto ou servizo na empresa tractora.

5.4 Asesoramento estratéxico

Os proxectos que accedan ás fases de incubación e aceleración recibirán un servizo de asesoramento estratéxico personalizado, con sesións individualizadas adaptadas ao seu grao de madurez. Este proceso incluírá xornadas de cocreación entre o equipo asesor e o equipo do proxecto, nas que se establecerá unha planificación inicial do traballo, flexible e ampliable segundo as necesidades do proxecto.

Na fase de incubación, o enfoque estará na vixilancia tecnolóxica, capacitando o equipo en benchmarking, identificación de tendencias, análise da competencia e mercados potenciais. Con este coñecemento, prestarase apoio na cocreación da proposta de valor e no deseño de aplicacións, tendo en conta a avaliación do mercado, os posibles colaboradores e as canles de comercialización.

Cos datos como pilar estratéxico, proporcionarase asistencia especializada na definición do modelo de negocio e do plan de escalabilidade, asegurando o mellor encaixe posible para o seu desenvolvemento. Isto incluírá a elaboración dun plan de negocio sólido, o deseño de estratexias de apoio e o acceso a financiamento e investidores.

Dentro do apoio estratéxico, traballarase na identificación e protección da propiedade intelectual do proxecto, así como no uso do coñecemento do contorno para avaliar o mercado, detectar tendencias e definir estratexias de protección. Todo iso contribuirá ao desenvolvemento dun pitch de impacto.

Os proxectos que accedan á fase de aceleración recibirán un apoio intensivo enfocado na definición das necesidades estratéxicas, das oportunidades e das barreiras para o desenvolvemento do modelo de negocio e o seu posicionamento no mercado.

Proporcionarase asesoramento especializado en:

- Acceso a financiamento e investimento, facilitando conexións e información.
- Protección e explotación da propiedade industrial e intelectual.
- Estratexias de comercialización e escalabilidade do proxecto.
- Preparación e perfeccionamento do pitch, garantindo un enfoque estratéxico.

Ademais, prestarase acompañamento na preparación da documentación clave para o investimento, garantindo que o proxecto estea listo para presentar a súa proposta ante potenciais financiadores.

De maneira transversal ás distintas fases, realizarase un seguimento activo e prestarase asesoramento na tramitación de axudas públicas de financiamento adaptadas ás necesidades de cada proxecto.

5.5 Networking

Entre as actividades previstas por BFFood atópase a de favorecer o networking entre os proxectos e as distintas institucións, empresas e outras entidades do sector alimentario, promovendo a creación de pontes e vías de comunicación que incrementen a visibilidade das iniciativas emprendedoras no ecosistema do sector alimentario, así como ante outras institucións relevantes.

5.6 Oficina virtual e espazos

Durante a súa participación no programa da BFFood, os proxectos participantes poderán solicitar servizos de oficina virtual (domiciliación social e recepción de correspondencia e paquetería) nas instalacións de Clusaga (Santiago de Compostela). Tamén poderán reservar despachos para reunións (1,5 h ao mes). Tras o seu paso pola BFFood, as empresas beneficiarias que establecesen o seu domicilio social en Clusaga deberán cambiálo.

6 Proceso de convocatoria e selección

O proceso de convocatoria e selección dos proxectos participantes é o seguinte:

6.1 Paso 1 – convocatoria de proxectos

Unha vez aberto o período de inscrición de proxectos, estes poderán presentar as súas candidaturas a través da web de BFFood (www.bffood.gal). Para inscribir un proxecto deberá cubrirese un formulario na propia web, logo de rexistrarse nela. En caso de dúbidas sobre o proceso, os candidatos poderán poñerse en contacto con Clusaga:

Email: info@bffood.gal | Teléfono: +34 981 556 062 | ext. 3002

Neste paso prevese a captación de proxectos para a súa participación nas fases de incubación/aceleración e consolidación.

6.2 Paso 2 – avaliación e selección de proxectos para a fase de incubación

Valoraranse todos aqueles proxectos que se presenten de acordo cos termos e condicións establecidos nestas bases (sección 9).

A avaliación e selección seguirá os seguintes pasos:

- **Verificación do cumprimento dos requisitos mínimos** (sección 9.1) e **dos criterios de elixibilidade** (sección 9.2) contidos nestas bases reguladoras, que será realizada polo Equipo Xestor tendo en conta a información enviada no formulario de candidatura. O Equipo Xestor poderá requirir a emenda da documentación presentada, se fose necesario.
- **Avaliación da calidade do proxecto e do equipo e selección de proxectos:** avaliaranse unicamente os proxectos que cumpran os requisitos mínimos e os criterios de elixibilidade. Avaliarase a calidade do proxecto e a adecuación do equipo para a súa posta en marcha con garantías, así como a adecuación do proxecto aos retos establecidos nestas bases (véxanse os criterios de avaliación na sección 9.3) e na convocatoria. Esta avaliación será realizada por un comité de avaliación formado polo Comité Executivo, empresas tractoras e entidades do Comité Técnico. Existen as seguintes especificidades para a avaliación en cada fase:

FASE	PROCESO DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN
Incubación	O equipo avaliador avalía a calidade do proxecto e do equipo. Realizaranse entrevistas persoais en liña cos 20 proxectos que reciban maior puntuación na avaliación, o que permitirá ao comité de avaliación ampliar a información e aclarar as dúbidas que poida ter. Dos 20 proxectos entrevistados, seleccionaranse un máximo de 14 proxectos para participar na fase de incubación. O Comité Executivo validará e ratificará a selección.
Aceleración	Os (como máximo) 14 proxectos que participasen na fase de incubación poderán optar á fase de aceleración. A avaliación realizarase mediante un <i>PitchDay</i>. Avaliarase a calidade do proxecto e a adecuación do equipo para a súa posta en marcha con garantías (sección 9.3), tendo en conta o plan de negocio elaborado durante a fase de incubación. Esta avaliación será realizada por un comité de avaliación. Seleccionaranse un máximo de 10 proxectos para participar na fase de aceleración. O Comité Executivo validará e ratificará a selección.
Consolidación	O equipo avaliador avalía a calidade do proxecto e do equipo. Os 10 proxectos que reciban maior puntuación na avaliación serán convidados a participar no <i>PitchDay</i>. Seleccionaranse un máximo de 6 proxectos para participar na fase de consolidación. O Comité Executivo validará e ratificará a selección.

- **Comunicación e aceptación da participación:** os proxectos seleccionados en cada fase recibirán unha invitación formal no enderezo electrónico indicado no formulario de candidatura para incorporarse ao programa na fase correspondente. A persoa responsable do proxecto deberá aceptar formalmente a invitación nun prazo de 5 días naturais, respondendo ao correo electrónico recibido. En caso contrario, o Comité Executivo poderá estender a invitación ao seguinte proxecto na clasificación de proxectos.
- **Formalización da participación:** unha vez que acepten a invitación para participar no programa de BFFood, os proxectos prepararán conxuntamente co equipo da BFFood un Acordo Marco que recollerá os compromisos asumidos por BFFood e polos proxectos, de acordo coa fase (incubación, aceleración ou consolidación) na que participen.

No caso dos proxectos en fase de aceleración, prepararase tamén o acordo de colaboración entre o proxecto e a empresa tractora que estea interesada en mentorizar o proxecto.

Así mesmo, asinaranse os acordos de financiamento, que serán tantos como entidades financiadoras decidan financiar o proxecto seleccionado, e poderán establecerse dereitos e obrigas de maneira bilateral entre a entidade financiadora e o proxecto.

7 Calendario da IX Edición

O prazo de inscrición dos proxectos comezará coa publicación da apertura da convocatoria na web de BFFood (www.bffood.gal). Só serán avaliábles no programa as inscricións de proxectos que se reciban dentro do prazo establecido e a través do medio habilitado para tal efecto (páxina web de BFFood).

No momento de finalización do prazo de inscrición comezará a fase de avaliación e selección de proxectos.

O calendario e os prazos estimados para a IX Edición son os seguintes:

PASO	DATA ESTIMADA
Apertura da convocatoria (incubación/aceleración e consolidación)	04/08/2026
Peché (cut-off) da convocatoria para incubación	07/10/2026
Inicio da fase de incubación	02/11/2026
Peché (cut-off) da convocatoria para consolidación	17/11/2026
<i>PitchDay</i> (para a selección de proxectos en aceleración e consolidación)	15/12/2026
Inicio das fases de aceleración e consolidación	01/02/2027
Finalización das fases de aceleración e consolidación	30/10/2027

Os prazos e as datas concretos para cada edición publicaranse na web de BFFood.

8 Condicións de financiamento

O financiamento proposto desde BFFood é unha combinación das seguintes modalidades:

- Financiamento de Igape
- Financiamento de XesGalicia
- Cheques tecnolóxicos
- Financiamento externo

8.1 Financiamento de Igape

Igape concederá aos proxectos que accedan á fase de aceleración ata 25.000 € a fondo perdido e suxeitos ao réxime de *minimis*, sempre que se cumpran os compromisos do Acordo Marco e que o Consello Executivo valide a superación da primeira fase de acordo coas condicións exixidas no plan de apoio subscrito polo proxecto acelerado. Para facer efectiva esta concesión directa da subvención será necesaria a sinatura dun convenio entre Igape e o proxecto, con carácter previo á fase de aceleración, así como a achega da documentación indicada, tal e como se presenta no Anexo I destas bases.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto segundo as actividades previstas e no período temporal correspondente á fase de aceleración. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Só se admitirán aqueles gastos realizados dentro do período comprendido entre a data de inicio e a de finalización da fase de aceleración.

Establécese a incompatibilidade das axudas concedidas por Igape a proxectos que participen ou participasen noutros programas de aceleración financiados con fondos da Xunta de Galicia ou que recibisen financiamento de Igape nos devanditos programas.

2.1.1. Financiamento de XesGalicia

Para as fases de aceleración e consolidación, XesGalicia poderá financiar, mediante a participación no capital social da empresa ou a concesión dun préstamo participativo, con ou sen opción de capitalización, cada un dos proxectos seleccionados que superen o proceso de análise de investimentos realizado polo equipo e polos órganos de decisión de XesGalicia.

O vehículo de investimento ou financiamento será o fondo de investimento que mellor se adapte á fase de evolución do proxecto, e este apoio estará condicionado a que outros socios, investidores ou financiadores realicen, polo menos, desembolsos en achegas dinerarias pola mesma contía.

Con carácter xeral, o importe máximo será de ata 50.000 € na fase de aceleración e de 250.000 € na fase de consolidación. Non obstante, estes importes poderán superarse se as características do proxecto así o aconsellan, sempre que non se excedan os importes asignados globalmente ao programa nunha mesma anualidade.

Para beneficiarse deste financiamento, a empresa debe estar constituída e ter o seu domicilio social e fiscal en Galicia.

Procurarase a amortización proporcional de todas as fontes de financiamento do proxecto.

As compañías financiadas por XesGalicia someteranse a un seguimento posterior, para o cal deberán achegar información económico-financeira periódica e calquera outra información e/ou documentación que se considere necesaria para avaliar a evolución do proxecto asociado.

Para obter máis información sobre este tipo de financiamento, véxase o Anexo II destas bases.

8.2 Financiamento operativo variable: acceso a medios e servizos técnicos

Como complemento variable e adicional ás achegas económicas descritas nesta sección, os proxectos participantes na fase de aceleración poderán solicitar un cheque para a contratación de servizos técnicos e tecnolóxicos que sirvan para o desenvolvemento e a mellora dos seus produtos, tales como:

- Medios técnicos: instalacións, equipamento e maquinaria necesarios para o desenvolvemento de produtos e servizos no ámbito alimentario, tales como laboratorios, plantas piloto de tecnoloxía avanzada ou equipos tecnolóxicos especializados.
- Servizos técnicos: servizos especializados necesarios para o desenvolvemento de produtos e servizos no ámbito alimentario, tales como servizos de análises físicoquímicas, servizos de procesamento de alimentos ou servizos técnicos de apoio á investigación alimentaria.

Este mecanismo habilitarase a través de 9 cheques de 10.000 € e 6 cheques de 5.000 €. En cada edición, o Equipo Xestor da BFFood realizará unha convocatoria que definirá as condicións específicas para a xestión dos devanditos cheques. Esta convocatoria dirixirase exclusivamente aos proxectos que estean participando na fase de aceleración en cada unha das edicións. Seleccionaranse ata 5 proxectos beneficiarios en cada edición.

8.3 Financiamento externo

As empresas tractoras presentes no Consello de Entidades Tractoras poderán asinar acordos cos proxectos participantes para realizar os primeiros pedidos destes; os termos deberán ser fixados entre o proxecto e a empresa tractora.

Así mesmo, as empresas do devandito Consello de Entidades Tractoras terán preferencia á hora de participar no capital dos proxectos participantes en BFFood, en condicións que se establecerán entre o proxecto e as empresas tractoras interesadas.

En paralelo ao compromiso de financiamento que se asine con BFFood, os proxectos participantes poderán subscribir acordos bilaterais de financiamento con terceiros, coa obriga de comunicar os devanditos acordos.

9 Termos e condicións

Neste capítulo detállanse os distintos condicionantes que determinan a relación entre BFFood e os proxectos que se presenten á convocatoria e participen no programa. En primeiro lugar, enuméranse os requisitos mínimos, que son as condicións básicas que deben cumprir os proxectos que opten a entrar en BFFood. En segundo lugar, explícanse os denominados criterios de elixibilidade, que son aquelas características que os proxectos deben presentar para poder seren considerados elixibles e, polo tanto, seren avaliados no proceso de selección. En terceiro lugar, explícanse os criterios de avaliación, que determinan os aspectos que o Consello Executivo analizará para seleccionar os proxectos candidatos, así como o seu peso relativo. A continuación, detállanse os compromisos xerais e as exixencias que os proxectos participantes en BFFood deben respectar mentres estea vixente a súa relación con BFFood. Finalmente, indícanse as incompatibilidades, polas que se establece que determinadas entidades, dada a súa implicación en BFFood, non poden presentar proxectos á convocatoria.

9.1 Requisitos mínimos

Os requisitos mínimos que deben cumprir todos os proxectos serán os seguintes:

- Cada iniciativa empresarial (estea constituída ou non) poderá presentar varios proxectos a distintos retos, pero só poderá optar á elixibilidade dun deles. Non obstante, se se trata de proxectos procedentes dunha universidade, dun centro tecnolóxico ou de entidades similares, poderá resultar elixible máis dun proxecto derivado destas entidades.
- Todos os membros do equipo do proxecto deberán ser maiores de idade.
- Os proxectos deberán dispoñer da propiedade intelectual e/ou industrial da idea, produto ou servizo presentado ou, de non ser así, dos permisos correspondentes para utilizar a propiedade intelectual e/ou industrial de terceiros.
- Os proxectos que non teñan unha entidade xurídica propia no momento de presentar a candidatura asumen o compromiso de desenvolver un proxecto empresarial coa Comunidade Autónoma de Galicia como lugar de referencia, así como de constituír unha empresa e un centro de actividade antes de participar na fase de aceleración ou consolidación.
- Os proxectos constituídos formalmente como empresa (para a definición de empresa utilízase a establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño)) non poderán superar, para optar á fase de aceleración, unha antigüidade máxima de 5 anos (60 meses) desde a data de apertura do prazo de inscrición. Para a fase de consolidación deberán estar constituídos formalmente como empresa

cunha antigüidade máxima de 7 anos (84 meses) desde a data de apertura do prazo de inscrición.

Os proxectos deberán contar cun domicilio social ou centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia antes da súa participación nas fases de aceleración e consolidación. Isto non será necesario para participar na fase de incubación.

9.2 Criterios de elixibilidade dos proxectos

9.2.1 Ámbito dos proxectos: sector e retos

Con carácter xeral, os proxectos deberán pertencer ao sector alimentario ou ser aplicables a este sector, que constitúe a vertical na que BFFood está especializada como aceleradora. Neste marco global, os proxectos deberán responder especificamente a cuestións máis concretas definidas a través dos retos establecidos nestas bases da convocatoria (sección 4), aprobados polo Consello Executivo por proposta das empresas membros do Consello de Entidades Tractoras.

9.2.2 Natureza dos proxectos

BFFood diríxese a startups, spin-outs e spin-offs:

- Startup: empresa de recente creación promovida por persoas emprendedoras a título persoal nunha fase inicial, xeralmente asociada á innovación e cun modelo de negocio escalable.
- One company spin-out: empresa de recente creación resultante da escisión dun proxecto dunha empresa existente.
- Several companies spin-out: empresa de recente creación resultante da escisión dun proxecto desenvolvido de forma colaborativa por varias compañías.
- Spin-off: proxecto/empresa de recente creación nacida a partir dun desenvolvemento innovador con orixe en universidades ou centros tecnolóxicos.

9.2.3 Fase de desenvolvemento dos proxectos

Poderán optar a participar en BFFood proxectos en distintos graos de desenvolvemento:

- Pre-seed: proxectos que teñen unha idea de negocio que queren trasladar a un produto mínimo viable e a unha empresa formalizada. Optarán á fase de incubación/aceleración.

- Seed: proxectos de empresas xa constituídas que contan cunha idea de produto e cun PMV en desenvolvemento, pero aínda non teñen vendas. Optarán á fase de incubación/aceleración.
- Early stage: proxectos cun produto ou servizo desenvolvido, un modelo de negocio definido e que xa contan con vendas. Optarán á fase de consolidación.

9.3 Criterios de avaliación

Nas candidaturas recibidas valoraranse principalmente o equipo e o proxecto. Terán un peso do 60 % e do 40 %, respectivamente, no caso de proxectos pre-seed ou seed que opten á fase de incubación/aceleración, e do 40 % para o equipo e do 60 % para o proxecto no caso de proxectos early stage para a fase de consolidación.

En concreto, teranse en conta os seguintes aspectos:

9.3.1 Criterios de avaliación do equipo

Avaliarase a traxectoria e a adecuación do equipo ao proxecto presentado. Valorarase:

- Competencias, coñecemento e experiencia no sector alimentario ou na área de aplicación do proxecto.
- Adecuación e complementariedade da formación e da experiencia do equipo ás necesidades do proxecto.
- Compromiso, motivación e dedicación do equipo emprendedor.
- Risco asumido pola entidade promotora/equipo xestor.

9.3.2 Criterios de avaliación do proxecto

- Grao de innovación. Entendido como a base científica, tecnolóxica ou de coñecemento na que se apoia, así como a capacidade dos atributos diferenciadores que incorpora a proposta de valor para resultar gañadores.
- Grao de acelerabilidade ou capacidade para desenvolver un produto mínimo viable (PMV) no transcurso do programa e executar o proxecto.
- Grao de escalabilidade ou potencial de crecemento e de xeración de economías de escala.
- Capacidade para consolidarse no mercado e xerar ingresos recorrentes.
- Impacto socioeconómico. Iniciativa viable que contribúa á dinamización do tecido empresarial.

No caso de spin-outs/spin-offs, asegurase o compromiso da empresa ou empresas e/ou da universidade ou centro tecnolóxico co proxecto e co equipo.

9.4 Compromisos xerais

Os compromisos aos que se adhiren os proxectos, con carácter xeral, serán os seguintes:

- Aceptar e cumprir as bases do programa.
- Garantir que a información facilitada é fidedigna.
- Cumprir o reporting periódico que se solicite desde BFFood.
- Cumprir os prazos marcados por BFFood para a subministración de información.
- Garantir a entrega de toda a información adicional que poida ser requirida ao longo do programa.
- Manter actualizada a información do proxecto e dos membros do equipo que figure na plataforma de xestión de BFFood durante a vixencia do programa.
- Colaborar nas actividades de promoción do programa BFFood.
- Notificar aqueles cambios significativos relacionados coa composición do equipo promotor, a entrada de novos socios no capital social, a denominación, as marcas e os logotipos, así como facilitar calquera outra información substancial do proxecto durante a vixencia do programa.
- Asistir e participar de forma activa, cun mínimo de dous membros rexistrados do equipo promotor, na totalidade de cada unha das actividades do programa.

9.5 Exixencias a cumprir no transcurso do programa

- Dedicación ao proxecto do equipo e dos perfís comprometidos no Acordo Marco. Os proxectos en fase de incubación, aceleración e consolidación deberán contar con polo menos dúas persoas a tempo completo para o proxecto. No caso de proxectos procedentes de spin-out e/ou spin-off, poderán incluír persoas con dedicación parcial, sempre que a suma de todas as dedicacións sexa equivalente a polo menos dúas persoas ao 100 % cada unha, que deberán cubrir os perfís de xerente, responsable técnico e responsable comercial.
- Cumprimento dos fitos e indicadores definidos no Acordo Marco ou, de non ser así, xustificación razoada do incumprimento.
- Participación obrigatoria nas actividades de formación, asesoramento estratéxico, mentoría e networking levadas a cabo na iniciativa.
- Subscribir, no caso dos proxectos na fase de aceleración, o correspondente convenio singular, que establecerá os termos e condicións de execución da subvención outorgada por Igape e que será un requisito indispensable para a súa percepción.

- Facer publicidade do financiamento e do apoio obtidos a través do programa BFFood nas actividades de difusión relacionadas co proxecto, así como na súa páxina web.
- Transparencia dos proxectos á hora de informar sobre a súa evolución e os seus resultados.
- Aceptar participar en actividades de difusión, promoción e imaxe de BFFood.

9.6 Incompatibilidades

En relación coa consideración dun proxecto candidato como apto para o proceso de selección, teranse en conta as seguintes incompatibilidades:

- Os membros do Consello Executivo non poderán participar como equipo promotor e/ou ser integrantes dos proxectos seleccionados. No caso de se tratar de persoal adscrito ás súas respectivas entidades, requirirase o consentimento expreso da totalidade dos membros do Consello Executivo.
- Os membros do Equipo Xestor non poderán participar como equipo promotor e/ou ser integrantes dos proxectos seleccionados.
- Un proxecto participante en BFFood non poderá recibir financiamento a través de programas análogos existentes en Galicia, tales como BFAero, BFAuto, BF Climatech, BFSport ou VíaGalicia. Con todo, se unha mesma entidade promotora presenta un proxecto distinto, esta incompatibilidade non se aplicará, polo que se permitirá a súa participación e o acceso ao financiamento.
- Os membros dos equipos dos proxectos participantes en BFFood non poderán ter ningunha vinculación contractual nin, por outra banda, presentar ningún tipo de conflito de interese con ningunha das entidades e empresas que forman parte do Consello Executivo, do Comité de Avaliación ou do Equipo Xestor, nin cos órganos dependentes destes ou coas compañías subcontratadas por eles.

10 Aspectos legais

Posto que ao longo das diferentes fases do programa se levarán a cabo intercambios de información, é importante deixar claro o seu uso e as responsabilidades derivadas del.

10.1 Aceptación das bases

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases, sen salvidades nin condicionantes, así como de calquera resolución que se puidese producir.

No caso de constatare durante o desenvolvemento do programa que algún membro de calquera dos equipos participantes non cumpre os compromisos asinados no Acordo Marco, o Consello Executivo resérvase o dereito de exixir o seu cumprimento e, se isto non se produce, procederase á exclusión da candidatura.

Neste sentido, os proxectos estarán sometidos a unha avaliación continua ao longo de todas as fases do programa, polo que todos aqueles que non cumpran os requisitos, as obrigas e os fitos establecidos poderán ser excluídos deste e, en consecuencia, perder os beneficios que deste se deriven, logo de informe motivado do Consello Executivo de BFFood.

Así mesmo, BFFood resérvase o dereito de cancelar, modificar ou suspender calquera aspecto ou criterio do proceso de convocatoria e selección.

O compromiso asumido pola aceptación destas bases terá efecto a partir da súa aceptación e permanecerá vixente ata cinco anos despois da finalización da convocatoria na que fosen aceptadas.

10.2 Responsabilidade

Os solicitantes serán responsables de todos os prexuízos, directos ou indirectos, que sexan ou poidan ser causados pola infracción destas bases, exonerando os responsables do programa de toda responsabilidade ao respecto, sen ningunha excepción.

Nestes termos, os solicitantes serán responsables da infracción de dereitos de terceiros durante a súa participación no programa desta convocatoria e deberán indemnizar as terceiras partes afectadas e, se é o caso, os responsables do programa por calquera dano ou prexuízo causado e reclamado xudicial ou extraxudicialmente, incluídos expresamente os honorarios dos profesionais intervenientes nos procedementos, polo incumprimento das obrigas descritas nestas bases.

10.3 Propiedade intelectual

Os proxectos deberán dispoñer, se procede, da propiedade intelectual da idea/proxecto presentado ou dos permisos correspondentes para o seu uso, xa que este é un requisito mínimo establecido nos termos e condicións.

Cada solicitante garante que o contido da súa presentación é de creación orixinal e non infrinxe ningún dereito, incluídos os dereitos de propiedade intelectual de terceiros, e que o contido non é ilegal nin foi creado incumprindo ningunha obriga contractual cun terceiro.

A información proporcionada polo solicitante debe ser correcta, veraz e completa, e o solicitante asume plena responsabilidade por calquera inexactitude. De non ser así, BFFood terá dereito, sen prexuízo de calquera outro medio legal, a retirar, rexeitar ou suspender os dereitos outorgados ao solicitante nestas bases.

O participante autoriza expresamente os responsables do programa a utilizaren o seu nome e imaxe en material publicitario relativo a esta convocatoria, sen ningunha contraprestación. Ao remitir a súa solicitude, o participante asume que a remisión do documento de solicitude confirma o carácter voluntario desta.

O solicitante acepta que os responsables do programa adopten as decisións relativas á convocatoria, así como a selección definitiva dos proxectos do programa. O solicitante reconece que, aínda que o seu proxecto sexa seleccionado, os responsables do programa non están obrigados a desenvolver o programa na súa totalidade.

10.4 Revelación de información

Os participantes consenten a utilización dos datos básicos do proxecto durante os procesos de avaliación recollidos nas bases.

Así mesmo, a aceptación destas bases autoriza as entidades promotoras a utilizaren o logotipo, o nome do proxecto ou calquera outro tipo de soporte audiovisual desenvolvido ou gravado durante o programa, en todas aquelas actividades de difusión e comunicación que consideren oportunas, con independencia do medio ou formato utilizado.

O contido de todas as ideas e proxectos presentados a esta convocatoria, así como todos os datos e informacións de calquera tipo proporcionados polo solicitante, serán tratados como confidenciais por BFFood, que se compromete a non utilizalos para fins distintos dos derivados deste documento.

10.5 Comunicacóns

Todas as notificacións relativas ao desenvolvemento do programa publicaranse na web de BFFood (www.bffood.gal) e estarán dispoñibles para a súa consulta nas oficinas do Clúster Alimentario de Galicia. Calquera outra notificación de carácter individual comunicárase a través do enderezo de correo electrónico ou do número de teléfono empregado na inscrición do proxecto na web, ou do que

posteriormente faciliten os promotores principais do proxecto para a dita finalidade.

10.6 Protección de datos persoais

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos persoais, informámoslle de que os responsables do tratamento dos datos facilitados como participante serán as entidades promotoras e colaboradoras do programa BFFood: o Instituto Galego de Promoción Económica, con CIF Q6550010-J; XesGalicia Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado,

S.A.U., con CIF A-15.674.203; e o Clúster Alimentario de Galicia, con CIF G-27407212. Os datos trataranse coas finalidades de avaliar os proxectos presentados, xestionar a participación no programa e difundir e promover publicamente o programa.

A lexitimación para o uso dos seus datos baséase na aceptación de todo o establecido nestas bases, nas obrigas legais vinculadas e no consentimento. Os destinatarios da información serán todas as entidades promotoras, así como terceiros en cumprimento das obrigas legais vinculadas.

O prazo de conservación previsto é o establecido para cada unha das fases do proxecto indicadas nestas bases, así como o necesario para cumprir as obrigas legais vinculadas e, en todo caso, mentres non retire o consentimento prestado. Non se prevé realizar unha transferencia internacional de datos, salvo con fins de almacenamento; nese caso, cumprírase coa existencia de garantías adecuadas e recorrerase a entidades adheridas ao acordo Privacy Shield (I).

O participante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos, limitación e oposición, así como revogar, se procede, o consentimento prestado, contactando con BFFood a través do enderezo info@bffood.gal. Igualmente, poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se considera que os seus dereitos foron vulnerados. Máis información en www.bffood.gal.

10.7 Reclamacións

Para a interpretación e o cumprimento destas bases, o Consello Executivo e os participantes no programa someteranse á aplicación das leis españolas.

Toda controversia derivada da interpretación ou execución deste documento será resolta directamente polas partes. Para tal efecto, estas comprométense a realizar, de boa fe, os seus maiores esforzos para chegar a unha solución consensuada das controversias, atendendo á intención común expresada nel, nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde a data na que calquera das partes notifique por escrito á outra calquera reclamación, sen que a falta de resposta desta outra parte suspenda o prazo antes sinalado.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultante deste documento ou da súa interpretación que non puidese ser resolto de acordo co establecido no apartado precedente, así como o relativo ao incumprimento, resolución ou nulidade,

resolverase mediante arbitraje. A arbitraje levarase a cabo na cidade de Santiago de Compostela. O laudo arbitral será definitivo e inapelable, e renunciarase a calquera recurso dispoñible contra el.

10.8 Miscelánea

BFFood non garante a dispoñibilidade nin a continuidade do funcionamento da plataforma ou dos servizos aloxados nela, pois esta pode sufrir interrupcións ou defectos na súa operatividade. BFFood non asume ningunha responsabilidade por calquera dano ou perda sufridos polo solicitante debido ao non funcionamento ou á imposibilidade de uso da información ou dos servizos prestados a través da plataforma habilitada. Tampouco será responsable de calquera dano ou perda que poidan ser ocasionados por interferencias, omisións, interrupcións, virus informáticos ou desconexións no portal e nos servizos por calquera causa, incluídas as causas alleas ao control de BFFood.

O solicitante non utilizará a plataforma para enviar contido que poida vulnerar a lexislación vixente ou a moral pública, nin ningún outro contido prexudicial, abusivo, irrespectuoso, difamatorio, vulgar, obsceno, racista ou de calquera outra natureza; para realizar ningún acto ilegal ou fraudulento; nin para enviar ningún tipo de documentación ou material non relacionado cos propósitos da convocatoria ou de BFFood no seu conxunto. BFFood resérvase o dereito de eliminar calquera contido que infrinxa estas bases.

Os participantes no programa asumen a obriga de achegar, durante o período previsto no último parágrafo do apartado «Aceptación das bases», a documentación adicional que poidan requirir os responsables do programa para cumprir as obrigas de información derivadas de normas actualmente vixentes ou que poidan entrar en vigor durante a duración do programa. O incumprimento da subministración desta información no prazo concedido poderá comportar a suspensión e/ou resolución do programa respecto dos infractores.

En caso de discrepancias entre as versións en castelán, galego e inglés do documento de bases, prevalecerá a versión en castelán.

ANEXO I – Modelo de convenio de concesión directa e regulación das condicións de execución das subvencións para proxectos en fase de aceleración

MODELO DE CONVENIO DE CONCESIÓN DIRECTA

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E _____ MEDIANTE O CAL SE PROCEDE Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS PREVISTAS NO CONVENIO ASINADO ENTRE INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA), E ASOCIACIÓN AGRUPACIÓN INDUSTRIAL ALIMENTARIA DE GALICIA PARA A CONTINUIDADE DO FOCO DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR ALIMENTARIO DE GALICIA (BUSINESS FACTORY FOOD – BFFood)

Dunha parte, Covadonga Toca Carús, en Directora Xeral do Igape, segundo Resolución do 17 de outubro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba o texto refundido que recolle as delegacións de facultades na Dirección Xeral.

Doutra parte, D/Dª. _____, con NIF ., e domicilio para os efectos de notificacións en _____, en nome e representación da empresa _____, promotor do proxecto _____.

EXPOÑEN:

I. Que o Igape, XESGALICIA Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado SAU (en diante, XesGalicia) e a Asociación Agrupación industrial Alimentario de Galicia (en diante, Clusaga), asinaron un convenio para a continuidade dun foco de emprendemento no sector alimentario en Galicia (Business Factory Food - BFFood).

II. Que o citado convenio prevé diversas achegas económicas para os proxectos apoiados no marco do Programa BFFood, condición que cumpre o proxecto anteriormente indicado.

III. Con base no exposto, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de execución da subvención prevista no convenio asinado entre Igape, XesGalicia, e Clusaga para a continuidade dun foco de emprendemento no sector alimentario de Galicia (Business Factory Food — BFFood).

Esta subvención ten por obxectivo o financiamento das actividades para desenvolver polo proxecto durante a fase de aceleración de 9 meses do programa BFFood, que se centrará en:

- Validar a necesidade identificada.
- Desenvolver un produto mínimo viable.
- Realizar un proceso iterativo con clientes representativos.

- Conseguir unha pre-venda/venda.
- Definir o modelo de negocio

Incorporarase ao presente convenio un documento descritivo das características particulares do proxecto, segundo o modelo que para ese efecto se facilita.

Segunda. Financiamento e gastos subvencionables

O importe total da axuda para conceder por parte de Igape é dun máximo de 25.000 €.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto segundo as actividades previstas e no período temporal correspondente á fase de aceleración. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Só admitiranse aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de inicio e fin da fase de aceleración definida no documento descritivo incluído no presente convenio.

A modo indicativo, considéranse elixibles os seguintes conceptos:

- Custo de persoal suxeito a relación de carácter laboral, incluídos os promotores do proxecto ata un máximo do 30% do seu custo salarial
- Custos de participación en feiras, congresos e outras actividades de networking específicas para o proxecto
- Adquisición de equipamento e material instrumental na medida en que se utilicen para as actividades de aceleración
- Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais; incluíranse os derivados da obtención de certificacións oficiais necesarias para a viabilidade do proxecto
- Servizos tecnolóxicos externos
- Servizos de apoio para a elaboración do plan de negocio, para a saída ao mercado, ou para a procura de investidores
- Subcontratacións, cun límite máximo do 50% da axuda.

De acordo con o establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a contía de 15.000,00 € no suposto de subministración de bens de equipo e servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, o que deberá xustificarse expresamente, ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Consideraranse subcontratacións as actuacións contratadas con organismos de investigación ou outras entidades, que supoñan a execución dunha parte das actividades incluídas no programa de aceleración que constitúe o obxecto da subvención. A subcontratación deberá estar debidamente xustificada e motivada e deberá cumprir co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que, en todo caso, esta non poderá superar o límite do 50% do custo total da actividade subvencionada.

Nos casos en que se realice esta subcontratación, os beneficiarios deberán achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con eles, de conformidade co artigo

27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento

No caso de que o importe do IVE non sexa recuperable, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE.

A Xunta de Galicia achegará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, sendo condición indispensable para a súa concesión, o cumprimento por parte dos seleccionados dos requisitos legais para ser beneficiarios.

Terceira. Réxime de pagos

Ao amparo do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no artigo 63 do Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei, poderanse realizar pagos anticipados, respondendo estes a entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

As instrucións detalladas e os formularios correspondentes para a presentación da documentación xustificativa serán fornecidas polo Igape, sendo preciso presentar a documentación de forma ordenada seguindo a estrutura establecida nas devanditas instrucións. A documentación presentárase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación.

A) Primeiro pago

Poderase pagar ata un máximo dun 80% da cantidade destinada a cada un dos proxectos seleccionados, de forma anticipada, mediante resolución motivada, previa solicitude e entrega completa da seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo que estará á súa disposición facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables:

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución de concesión desoutas axudas.
2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de
3. *minimis*, durante os tres anos anteriores.
4. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

B) Pago final e xustificación

A cantidade restante destinada a cada un dos proxectos seleccionados pagarase tras a solicitude e xustificación da subvención concedida, con data límite do 15 de novembro do ano en que se finaliza a aceleración, coa seguinte documentación:

a) Solicitude, no modelo facilitado polo Igape, no que constarán as seguintes declaracións responsables

1. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e tamén aquelas, solicitadas ou concedidas, para os mesmos custos, aínda que a finalidade fose diferente, de todas as administracións públicas. De ser o caso, deberá achegarse a resolución de concesión desoutas axudas.
2. Declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os tres anos anteriores.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a

obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da o Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. No caso de subcontratacións, declaración de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, de non estar actualizadas as inicialmente presentadas.

c) Memoria económica, facilitada polo Instituto Galego de Promoción Económica, na que se relacionarán os gastos realizados coa subvención percibida incluíndo a súa relación coas actividades propostas da fase de aceleración.

d) Documentación xustificativa do gasto: os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou

con eficacia administrativa. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

e) Documentación xustificativa do pago: os pagos xustificaranse con orixinais ou copias auténticas electrónicas de transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo da entidade bancaria. En ningún caso admitiranse os pagos xustificados mediante recibo do provedor.

Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto ao que se refiren. En caso en que o documento de pago non faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto de pago (rastrexabilidade). No caso de que un xustificante de pago inclúa varias facturas, anexarase unha relación detallada delas na que se poida apreciar que o pago se corresponde coas devanditas facturas. En caso de facturas pagas xuntamente con outras non referidas ao plan, será necesario achegar o correspondente extracto bancario acompañado da orde de pago da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.

En ningún caso admitiranse pagos xustificados mediante recibos do provedor, pagos por caixa ou en efectivo nin pagos realizados con tarxeta de débito ou crédito non asociada á empresa beneficiaria.

f) Informe final da fase de aceleración do proxecto: xustificarse o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os obxectivos conseguidos. Este informe estará asinado polos representantes da entidade beneficiaria e do Equipo Xestor da Aceleradora.

A entidade poderá achegar calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións subvencionadas.

g) Certificado relativo á situación da entidade con respecto ao IVE, só para os casos de que o IVE non sexa recuperable

Cuarta. Réxime de garantías

O artigo 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, establece a obrigatorioidade de beneficiarios e entidades colaboradoras, de constitución de garantías, nos casos, entre outros, nos que se prevé a posibilidade de realización de pagos anticipados.

O presente convenio establece o pago anticipado de ata un 80% da cantidade destinada ao financiamento do proxecto.

Considerando que a finalidade que se persegue coa devandita achega, é dar apoio aos

diferentes proxectos, facilitando a formalización ou constitución dos mesmos en empresas, e reducindo a carga económica que soporta calquera empresa, tanto nas súas orixes, como no inicio da súa actividade; exonérase da constitución de garantía legalmente prevista; conforme á previsión recollida no artigo 67 do Regulamento da LSG, relativo á posibilidade de autorización por parte do Consello da Xunta, da exención do deber de constitución de garantías.

Quinta. Alteración das actuacións

A necesidade de modificar as actuacións para realizar, despois de que supón alteración das condicións tidas en conta á hora da concesión, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En calquera caso, só se procederá á citada modificación, tras o informe favorable do Comité Executivo de BFFood.

O procedemento de aprobación de modificación das actuacións iniciárase coa solicitude por parte do interesado, na devandita solicitude deberá indicarse o alcance da modificación proposta, de maneira tal que queden claras as actuacións para modificar e o desenvolvemento do proxecto.

Despois de dita solicitude, Igape procederá a recadar o correspondente informe favorable ou visto e praxe do Equipo Xestor de BFFood.

Tras as anteriores actuacións, Igape aprobará, no seu caso, a modificación proposta.

A anterior modificación, de producirse, formalizarase no correspondente documento ou adenda.

Sexta. Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública, organismo ou ente público ou persoal, nacional ou internacional para o mesmo fin sen que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Establécese a incompatibilidade das axudas concedidas por Igape a proxectos que participen ou participasen noutros programas de aceleración financiados con fondos de Xunta de Galicia ou que recibisen financiamento de Igape nos devanditos programas.

Sétima. Obrigas do beneficiario

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

- a) Proceder ao reintegro, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións de participación en BFFood.
- b) Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións; e someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar os devanditos órganos relativos ao control financeiro, e demais aplicables; así como as levadas a cabo polo órgano concedente e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; a solicitude como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto realizouse con anterioridade á solicitude da

subvención, segundo o establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Prestar consentimento expreso á publicidade por parte da Administración Galega dos datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigacións específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e

45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

f) Prestar consentimento expreso á publicación na Base de datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

g) Subministrar toda a información necesaria para que Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento deste deber serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

h) Dar cumprimento ás obrigacións de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Oitava. Réxime aplicable e reintegro

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Igualmente procederá o reintegro (total ou parcial) no caso de incumprimento e / ou mal aproveitamento da aceleración por parte dalgún dos proxectos seleccionados na fase final, o que deberá reflectirse nun informe suficientemente motivado.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE-L-2023-81820, do 15 de decembro de 2023).

Novena. Mecanismos de seguimento e execución

Para o correcto seguimento das accións do convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, paritaria entre representantes de Igape e representantes da entidade beneficiaria.

Décima. Vixencia

O presente convenio estará vixente desde o día da súa firma ata a finalización da fase de aceleración, sen posibilidade de prórroga.

Décimo primeira. Natureza xurídica e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; o disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público; e pola restante normativa que, no

seu caso, resulte de aplicación.

Décimo segunda. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá formalizarse na correspondente adenda.

Exceptúase do disposto no apartado anterior, toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do programa BFFood.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento na data indicada no pé de firma tomándose como data de firma a do último asinante.

A directora xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica

(Representante legal da entidade)

Covadonga Toca Carús

ANEXO II – Documentación que se deberá presentar en XesGalicia para o financiamento de cada un dos proxectos nas fases de aceleración e consolidación

Identificación da/s persoa/s de contacto.

- a) Plan de negocio (formato .doc):
- Promotores do proxecto e experiencia relevante: CV e perfís do equipo fundador, destacando a súa experiencia previa, logros e coñecementos relevantes para o proxecto.
 - Antecedentes e descrición do proxecto.
 - Produto ou servizo. Procesos produtivos. Instalacións produtivas.
 - Mercado, sector, competencia.
 - Modelo de negocio.
 - Estratexia de comercialización e marketing. Contratos comerciais clave.
 - Persoal actual da empresa e previsión de evolución do persoal.
 - Investimento previsto e financiamento do proxecto.
 - Plan financeiro con estados financeiros previsionais, como mínimo, de 4 exercicios (modelo facilitado por XESGALICIA en formato Excel).
 - Estado de tesouraría mensual do primeiro ano a contar desde a situación actual (en formato Excel).
 - Resumo executivo dos anteriores elementos (modelo facilitado por XESGALICIA en formato Power Point).

Documentación financeira:

- Contas anuais aprobadas e, se é o caso, auditadas, dos últimos 3 exercicios económicos pechados. No caso de que a empresa teña menos de 3 anos de antigüidade, achegaranse as contas anuais de todos os exercicios pechados desde a súa constitución.
- Balance, conta de perdas e ganancias e estados de tesouraría na data de peche do último trimestre do exercicio corrente.
- Pool bancario ás datas de peche do último trimestre e do último exercicio económico pechado.
- Orzamento do exercicio corrente.
- Informe CIRBE do Banco de España.
- Relación de todas as axudas públicas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para o mesmo proxecto e, en particular, ao IGAPE. Certificado de non ter débedas co citado Instituto.
- Financiamento público e privado previsto, solicitado e/ou obtido para o proxecto

Documentación xurídica:

- Escritura de constitución e estatutos vixentes da sociedade.
- Composición do capital e órganos de administración.
- Copia do libro de rexistro de socios
- Certificado de estar ao corrente coas distintas administracións públicas (AEAT, Seguridade Social e Comunidade Autónoma).
- Declaración xurada relativa aos litixios nos que sexa parte a sociedade, os seus socios e/ou administradores.
- Pactos de socios previos e, se é o caso, compromisos adquiridos con outras aceleradoras. Documento LOPD (modelo facilitado por XesGalicia).

Documentación para os efectos da prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo (PBC/FT):

- Formulario de Identificación do cliente (Modelo facilitado por XesGalicia).
- Acta de titularidade real.
- CIF definitivo.
- DNI (ou equivalente) do representante da sociedade ou dos titulares reais.
- Certificado de titularidade de conta corrente que inclúa a totalidade dos seus titulares.

Outra documentación:

- Documentación relativa á propiedade da tecnoloxía e/ou aos dereitos de explotación da mesma.
- No caso de achegas non dinerarias, documentación da valoración dos devanditos activos.
- Adhesión ao regulamento interno de publicidade (modelo facilitado por XesGalicia)
- Autorización do uso do logo da empresa por parte de XesGalicia.

Poderase solicitar toda a documentación ou información necesaria para o coñecemento e a correcta comprensión do plan de negocio ou da situación económica, financeira e legal da empresa.

A documentación do plan de negocio deberá presentarse en galego ou en castelán, os importes en euros e deberá estar asinada polo representante legal da empresa.

A documentación presentada nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberá vir traducida por intérprete xurado.

Non se poderá utilizar o nome de XesGalicia para outros financiamentos que se poidan solicitar para o proxecto, salvo que isto sexa expresamente autorizado por XesGalicia, quedando esta eximida, en todo caso, das consecuencias que teña o non financiamento do proxecto, calquera que sexa a causa.

BFFood

business factory



XUNTA
DE GALICIA



clúster alimentario de galicia